



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 12 de febreiro de 2026, a vista da solicitude de inclusión de medicamento **BIMEKIZUMAB** e **SECUKINUMAB** formulada pola Comisión de Farmacia e Terapéutica da Área Sanitaria de Vigo, **CONSIDERA PERTINENTE** a súa inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, conforme ao seguinte protocolo:

PROTOCOLO de TRATAMENTO BIOLOXICO da HIDROSADENITIS SUPURATIVA

1. Primeira liña de tratamento: iniciárase a terapia biolóxica con **ADALIMUMAB** (i-TNF α) **BIOSIMILAR** en pacientes adultos e adolescentes ≥ 12 anos con hidrosadenite supurativa activa de moderada a grave (Hurley II–III) que presenten resposta insuficiente, intolerancia ou contraindicación ao tratamento convencional (incluíndo antibióticos sistémicos polo menos durante 3 meses), salvo que exista algunha contraindicación ou non se considere adecuado o seu uso por seguridade.

2. Segunda liña de tratamento: en pacientes ≥ 18 anos cando non se acadase resposta adecuada ou haxa perda de resposta* a adalimumab, **BIMEKIZUMAB/SECUKINUMAB** son opcións válidas.

A elección entre secukinumab e bimekizumab farase por criterios de eficiencia,

Outras consideración:

A resposta* avalíase ás 12 semanas segundo criterio HiSCR50 (≥ 50 % de redución nos abscesos e nódulos inflamatorios sen aumento de abscesos nin fístulas drenantes), considerando:

- Falta de resposta: redución inferior ao 25 % nas lesións inflamatorias ou incremento do número de abscesos ou fístulas respecto da situación basal tras 12 semanas de tratamento. Recoméndase suspensión do tratamento.
- Resposta parcial: redución entre o 25-50%. Valorar continuidade e reavaliación tras 12 semanas adicionais
- Resposta: redución ≥ 50 %. Recoméndase avaliación periódica da resposta para manter tratamento

Esta resolución e comunicada nesta data a Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Alfredo José Silva Tojo

Santiago de Compostela (data e sinatura dixital na marxe)

Xerentes da Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde